

C.E.I.P. Plurilingüe de Abanqueiro

AUTORIZACIÓN PARA O USO DE IMAXES¹ POLO CENTRO EDUCATIVO.

O dereito á propia **imaxe**¹ está recoñecido no artigo 18.1 da Constitución e regulado pola Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe; a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal; e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Polo anterior, a dirección deste centro solicita o seu permiso para que apareza o seu fillo/a conforme o seguinte:

Don/dona con DNI na miña condición de representante legal do alumno/a,

AUTORIZO

NON AUTORIZO

o tratamento, uso e publicación da **imaxe**¹ de dito alumno/a, sempre sen ánimo de lucro, en relación coas actividades escolares (excursións, saídas, proxectos e outros similares) e extraescolares (viaxes culturais, talleres e outros similares) e outras realizadas no centro e/ou promovidas polo centro ou polos responsables e autoridades educativas en:

- Páxina web e blogs do centro/aula/equipo ou páxina web oficial da actividade escolar desenvolvida.
- Revista escolar e outras publicacións similares como carteis promocionais das actividades mesmas ou do seu resultado...
- Medios de comunicación, como resultado de novas ou reportaxes sobre actividades educativas e outras realizadas no centro.
- Contornas, aplicacións ou ferramentas virtuais prestadoras de servizos en nube (Google Fotos, GoogleDrive, Dropbox ou Youtube), redes sociais ou servizos de mensaxería (AbalarMóvil e ClassDojo), edición/manipulación de vídeo e/ou imaxe (Kizoa, Quick, Comica, Quiver ou Quiver Education), organizativas ou educativas (eTwinning, Plickers, The Language Magician, Live Worksheets, Idoceo ou Additio) ou outras similares empregadas polo centro para a mellora da práctica educativa e autorizo a posible almacenaxe internacional de datos, derivada do seu uso, nos países onde que se atopen os seus servidores.
- Montaxes multimedia (memoria USB, CD ou DVD con fotos, vídeos...) para distribuír entre as familias.

De igual xeito, recoñezo ter sido informado/a, e comprendo plenamente, que podoo exercer o dereito de revogación deste consentimento en calquera momento e que estes datos quedarán almacenados baixo o control do centro segundo as instrucións e normativas recibidas dende a Autoridade Educativa.

Asdo. Pai

Asdo. Nai

.....

.....

En Abanqueiro, a de do 20.....

¹ Enténdese por imaxe os datos persoais que identifiquen ao colexial: fotografías, vídeos (onde sexa facilmente recoñecible), nome e apelidos e voz.